


15.XULLO.10



O Panteón de Galegos Ilustres abre baixo control relixioso

A Igrexa resérvase o dereito a usar a infraestrutura que sostará economicamente o erario público

X.C.

No último instante, denantes de que chegase ás súas portas o cortexo cívico organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e ás portas do que sería o primeiro 25 de xullo co Panteón onde están os restos de Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao pechado ao público, reabriu baixo estritas condicións as súas portas ao público este mércores en virtude dun convenio asinado entre a consellaría de Cultura e o Arcebispo de Santiago. O acordo permitirá que sexa visitábel, baixo regulación, durante seis días á semana.

Despois da sentenza do Supremo o Arcebispo de Santiago é o propietario legal deste monumento e decidirá pechalo ao público. O fallo a favor da Igrexa rematara o litixio co concello de Santiago pola titularidade do templo e quebrou todo o sentido cívico que adquirira durante máis dun século de funcionamento logo de que foran trasladados os restos de Rosalía en 1891 e até os derradeiros actos de soterramento, o polémico traslado dos restos de Castelao en 1984 e o de Domingo Fontán en 1988.

O convenio establece que se organizará unha quenda de visitas ao Panteón de seis días á semana, previsiblemente pechando os luns, como fai o adxunto Museo do Pobo Galego no mesmo complexo de Bonaval, "sempre que non haxa ningunha dificultade técnica".

O acordo implica en carácter de "contraprestación", que a Xunta, a través da consellaría de Cultura, continuará xestionando o mantemento da igrexa e do Panteón, así como do Museo do Pobo Galego. A visita ao Panteón de Galegos Ilustres incluírase tamén dentro do programa de actividades e funcio-



Avelino Pouso Antelo nunha ofrenda a Castelao en xaneiro de 2000. ANDRÉS PANARO

Algrexa decidirá
se se respecta o carácter relixioso dos actos que non contemple o convenio"

namiento do Museo do Pobo Galego, "tal e como foi a práctica habitual durante anos".

DISPOSICIÓN DA XUNTA E CONTROL ECLESIASTICO. A Xunta disporá do Panteón e a Igrexa de San Domingos de Bonaval -fóra da Capela do Rosario e do Cemiterio- durante cinco días ao ano para a celebración de determinados actos. Unha das datas que se reservará expresamente para a súa utilización como lugar de eventos institucionais será o 25 de xullo, "especialmente este ano co gallo do Ano Santo". Nada se di dos actos que as formacións políticas facían, por exemplo, a víspera do Día da Patria diante do sartego de Castelao, ou o propio acto desta semana no 125 aniversario da morte de Rosalía de Castro.

As catro datas singulares restantes fixaraas unha comisión mixta paritaria constituída para a interpretación e seguimento deste protocolo, que terá unha vixencia dun ano prorrogábel automaticamente se non media denuncia de ningunha das partes con dous meses de antelación.

Pero a clave de bóveda do acordo é que a Igrexa resérvase ditaminar as peticións que a

Xunta encargarse dos trámites para a autorización de apertura da igrexa noutro tipo de eventos. A condición xeral da Igrexa é que "respecten que se trata dun centro relixioso", unha decisión que debería abrir camiño a outras decisións políticas que garantan o pleno uso civil do Panteón.

Ana Pontón, portavoz de Cultura do BNG, organización que criticou a desidia coa que se levou o proceso xudicial e o pregamento da Xunta ás intencións da Igrexa, critica o convenio por "claramente limitado" e porque renuncia a reclamar a titularidade dese espazo para a administración. Dende o seu punto de vista, responde só a un intento de "enganar a cidadanía" e "desmobilizar" os diferentes actos reivindicativos que tanto o BNG como diferentes entidades están a realizar a prol do uso civil do Panteón.

Ana Pontón, á espera de coñecer os termos concretos do convenio, lembra que se está a falar dun patrimonio recoñecido como Ben de Interese Cultural e, en consecuencia, a Igrexa está obrigada por Lei a telo aberto, do contrario a propia administración podería esixir, "asinar un convenio destas características é, por tanto, denigrante, pois é sinal de submisión deste Goberno aos ditados da Igrexa".

Pontón lembrou que os restos da propia Rosalía e de Castelao, nomeadamente no caso da escritora de Padrón, se trasladaron ao Panteón pola súa laicidade, "por iso é un engano e unha tomadura de pelo que o único que se negociara fora financiar a súa apertura a cambio de nada".